

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, reuniuse hoxe con representantes de ambas as dúas entidades

A XUNTA, ABANCA E FEGAES ASINAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE VAI PERMITIR A RETIRADA DE DIÑEIRO EN EFECTIVO NAS ESTACIÓNS DE SERVIZO DO RURAL GALEGO

- A entidade financeira convértese na primeira en adherirse a esta iniciativa pioneira en España e enmarcada dentro das políticas de Xunta para frear o despoboamento
- Permitirá sacar diñeiro en efectivo en gasolineras daqueles concellos do rural con menos de 20.000 habitantes
- Abanca comprométese a dotar estes establecementos de terminais de puntos de venda (TPV) de última xeración habilitados para facer retiradas de cartos de forma gratuíta a clientes de tarxetas de débito emitidas pola entidade bancaria

Santiago de Compostela, 25 de xullo de 2025.- A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, asinou hoxe un convenio de colaboración con Abanca e a Federación Galega de Estacións de Servizo (Fegaes) que vai permitir que naqueles concellos do rural galego con menos de 20.000 habitantes sexa posible retirar diñeiro en efectivo nas estacións de servizo.

Abanca convértese, así, na primeira entidade financeira en adherirse a esta iniciativa pioneira en España, que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, pon en marcha para ampliar o catálogo de servizos destes establecementos no rural e, tamén, como unha medida de loita contra o despoboamento.

En virtude deste convenio asinado hoxe, Abanca comprométese a dotar estes establecementos de terminais de puntos de venda (TPV) de última xeración habilitados para facer retiradas de cartos de forma gratuíta a clientes de tarxetas de débito emitidas pola entidade bancaria.

Estímase que a implantación desta medida nos 290 concellos galegos con menos de 20.000 habitantes alcance de aquí ao 2028 unhas 200 gasolineras, a metade das que actualmente están adheridas á Federación Galega de Estacións de Servizo (Fegaes).

Orde de axudas

A sinatura deste convenio irá acompañada, ademais, dunha orde de axudas que sairá publicada mañá no Diario Oficial de Galicia (DOG) cunha dotación económica de 800.000 euros e que vai incidir no mesmo obxectivo de modernizar os servizos dos que dispoñen as gasolineras emprazadas en concellos do rural.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

San Caetano, s/n -15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 544/65 e 881 995 367
comunicacion.economia@xunta.gal
economia.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais de subvencionar a adquisición do equipamento necesario para poder ofertar a retirada de efectivo, tamén poderán solicitarse apoios para mellorar os sistemas de pagamento, a xestión operativa do local a través de plataformas dixitais ou a instalación de grupos electrógenos e sistemas de seguridade. As axudas máximas poden acadar ata os 30.000 euros por beneficiario.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Consellería de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

San Caetano, s/n -15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 544/65 e 881 995 367
comunicacion.economia@xunta.gal
economia.xunta.gal